



# EOIVISIÓN

2009

Querendo contribuír á diversidade lingüística dunha maneira lúdica, a EOI de Santiago convoca o **SEGUNDO FESTIVAL DA CANCIÓN EOIVISIÓN**, na honra daquel festival de Eurovisión no que cada grupo cantaba nun idioma diferente. Chamámoslle EOIVISIÓN porque non se restrinxe a Europa, senón ás linguas traballadas e faladas dentro do espazo desta EOI, sen límites nin fronteiras físicas ou políticas.

## BASES DE PARTICIPACIÓN

- ♪ Poderá participar calquera alumno ou alumna da EOI, en grupos ou individualmente, representando un lugar no que se fale a lingua de estudo: país, rexión, vila ou barrio (por ex., un grupo pode presentarse por galego representando a Vimianzo, por portugués representando a Angola ou por francés representando o barrio de L'Estaque en Marsella).
- ♪ Os compoñentes do grupo (cantantes) deberán ser alumnos da EOI matriculados no idioma ao que representan. Os músicos poden ser persoas alleas ao centro. Pódese empregar música gravada, pero non se permite o play-back.
- ♪ A canción deberá ser **orixinal, composta na lingua de estudo**, sobre unha base musical xa existente ou inventada.
- ♪ Por cada lingua, actuarán no festival un **máximo de dous grupos**. No caso de haber máis candidatos da mesma lingua, haberá unha **preselección** nos días 16 e 17 de abril dentro de varias clases do idioma correspondente. As cancións preseleccionadas serán as que vaian ao festival.
- ♪ Os grupos que queiran participar deberán enviar un **vídeo** a [eoi.santiago@edu.xunta.es](mailto:eoi.santiago@edu.xunta.es) ou presentalo nun CD / DVD na conserxería do centro. O vídeo constará de dúas partes:
  - 1) O grupo cantando a canción que se presenta ao concurso.
  - 2) Unha presentación de si mesmos e do **país, rexión, vila ou barrio ao que representan no idioma correspondente**.

O vídeo-presentación será proxectado no festival antes da actuación. Cada arquivo audiovisual irá **identificado** co nome do grupo ou intérprete, persoa de contacto, idioma polo que participa, un correo electrónico e un teléfono de contacto.

### **O prazo límite para a recepción de vídeos é o 14 de abril (incluído).**

- ♪ O XURADO terá, como en Eurovisión, delegacións por idioma e seguirá un proceso de votación similar ao de Eurovisión. Cada delegación estará composta por un membro do profesorado da lingua representada e por tres alumnas ou alumnos que estuden esta lingua. O xurado intervirá no festival e emitirá o seu voto empregando o idioma correspondente.
- ♪ O festival EOIVISIÓN, incluído na programación do Festival das Linguas 2009, celebrarase o xoves 23 de abril de 17:30 a 19:00 horas.
- ♪ No caso de precisar axuda para a gravación do vídeo, poderase contactar co profesorado do idioma correspondente ou coa Vicedirección.